



## Francisco e o bo humor cristián. Ningún papa salientou tanto como Bergoglio a importancia do sorriso para un católico

---

Félix Caballero Wangüemert<sup>1</sup>

A alegría é un elemento central no cristianismo; máis aínda, o elemento central despois do amor. Xaora que o amor é o primeiro. Non en van toda a lei resúmese nel (Mt 22, 37-40) e é o obxecto do novo mandamento que nos dá Xesús (Xn 13, 34-35). Pero inmediatamente despois vai a alegría. Para o cristián, a alegría é máis ca un atributo, é un verdadeiro mandato, ata o punto de que poderíamos considerar un pecado a tristura. Non falo da dor nin do sufrimento, senón da tristura. A dor e o sufrimento son inevitables. Ninguén pode evitalos. Nin Xesús puido (nin nel mesmo, como se viu na súa paixón e morte), pero si podemos darlles un sentido que nos permite, precisamente, non caer na tristura e manter unha actitude leda.

Non podía ser doutra maneira, tendo en conta que Evanxeo significa «noticia ditosa» e que a alegría –máis aínda, a exhortación á alegría– é un *leitmotiv* en todo o Novo Testamento. Xesús chámamos a ela repetidamente, como en Xn 15, 11 («Díxenvos estas cousas para que a miña alegría estea en vós, e a vosa alegría sexa plena»), e san Paulo tamén («Estade sempre alegres no Señor; repítovolos, estade alegres», Flp 4, 4).

---

1 Félix Caballero Wangüemert é doutor en Comunicación, licenciado en Xornalismo e graduado en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios. Autor, entre outros, dos libros: *A retranca. Un intento de clarificación*, Galaxia, 2022; *O humor galego alén da retranca*, Morgante, 2012; *Falemos de caricatura*, Xerais, 2018 (con Siro López) e Xaquín Marín. *Arte e compromiso no humor gráfico galego*, Galaxia, 2018.